

O recoñecemento das bondades da vida mariña era coñecido na antiga Grecia, denominándose aos espazos acoutados para o seu uso *arenaria* ou *heliosis*. Tamén os romanos usaban os baños de sol e de lodos non só como medio terapéutico, senón como medida hixiénica, nunhas zonas delimitadas para tal fin chamadas *solarium*. Pola súa banda, o valor medicinal das augas do mar xa foi constatado por Richard Russell en 1750, quen observou que os rapaces que habitaban nas zonas costeiras tiñan, en xeral, mellor saúde que os das cidades. Deste xeito, o doutor inglés Latham, influenciado por estas ideas, impulsou a construción do primeiro hospital mariño na desembocadura do río Támesis, a poucos quilómetros de Londres, no ano 1796: o Royal Sea Bathing Infirmary.

Os sanatorios marítimos foron a finais do século XIX un tipo de obra benéfica incluído dentro destes hospitais mariños que, xunto cos sanatorios de montaña, recibían aqueles nenos humildes e que presentaban deficiencias físicas para que, a través da benéfica acción dos baños de mar, puidesen restablecerse das súas doenzas. O precepto fundamental destes establecementos era simple: empregar os recursos terapéuticos que ofrecía o clima marítimo e a auga do mar como base do tratamento a que debían someterse os rapaces. Un complemento indispensable da cura ao aire libre era a helioterapia ou tratamento mediante a exposición directa á luz do sol. As súas indicacións eran as larinxites, peritonites e osteoartrites tuberculosas, especialmente o Mal de Pott. A asociación da helioterapia e a talasoterapia, ou tratamento polo clima e baños de mar, melloraba notablemente os resultados, e foi o fundamento da creación de múltiples sanatorios marítimos como o de Oza.

Neste sentido, a antiga Praia de Oza, hoxe en día desaparecida, e as súas inmediacións, foron utilizadas desde a inauguración do Sanatorio en 1910 polas nenas e nenos das colonias escolares que a Oza viñan na procura das excelencias do clima coruñés. Baixaban á praia en grupos acompañados polos seus mestres para facer ximnasia ou mesmo xogar nela. Durante os meses de verán montábase unha caseta de madeira, que ao rematar a tempada era desmontada, en que deixaban a roupa os rapaces mentres gozaban dos baños. Non obstante, e dado que a praia tamén era un lugar de lecer dos veciños do barrio dos Castros, no ano 1931 estes chegaron a un acordo coa dirección do Sanatorio para poder acudir á praia cun horario fraccionado, de forma que os veciños viñan a unhas horas, e as colonias a outras, e así as actividades físicas destas non interrompían a vida propia do areal.

Pasaron décadas de convivencia na Praia de Oza ata que as transformacións experimentadas no contorno do lugar nos anos sesenta, e a dinámica “desenvolvista” protagonizada pola ampliación das instalacións portuarias, supuxeron o comezo do fin da praia do lazareto. No ano 1966 a empresa Varaderos Chas obtivo permiso para ocupar 10 500 m² de dominio público na zona. As protestas veciñais non puideron impedir a desaparición daquel emblemático espazo que quedou reducido a unha cala en 1969. Pero, a pesar de haber máis rochas que area, os veciños permaneceron fieis, e reeditaron cada verán o costume do baño no lazareto. Posteriormente, no ano 1972, as instalacións que quedaban en pé do antigo lazareto sucio foron cedidas á Xunta de Obras do Porto.

Xa nos anos noventa, a expansión do porto cara a esta zona incluíu un proxecto de recheo para instalar xunto aos varadoiros un centro de náutica deportiva, non exento de polémica polo enterramento dunha balsa de lodos tóxicos cuxa idoneidade foi froito dun agre debate público. Así desapareceu o pouco que quedaba da Praia de Oza, que foi substituída no ano 1994 por outra artificial, feita nas proximidades do Sanatorio entre dous diques de contención. Hai quen di que foi un intento por parte da Autoridade Portuaria de compensar os veciños pola praia perdida, aínda que non lles devolveu a do lazareto, pois daquela o antigo areal xa se convertera nun tramo máis do paseo marítimo.